

SINATURA CONVENIOS CENTRO ABANCA INNOVACIÓN
PROVINCIA INTELIXENTE

1-BUENOS DÍAS Y SALUTACIÓN

Juan Carlos Escotet, Presidente de ABANCA

Francisco Botas, Conselleiro Delegado de ABANCA

Miguel Angel Escotet, Presidente de AFUNDACIÓN

José María Pascual Izquierdo, Director General de
VIEWNEXT, empresa del grupo IBM

Representantes políticos, empresariais, culturais e
sociais de Ourense.

RECUERDO A VÍCTOR CAMPIO

Robert Kennedy, en plena campaña presidencial –18 de marzo de 1968-, sobre el PIB..(nos lo recordaba Zygmunt Bauman –el filósofo, sociólogo y ensayista polaco de origen judío, fallecido en enero del año pasado, premio Príncipe de Asturias de Comunicación y Humanidades en 2010, en “El arte de la vida)” nuestro PIB tiene en cuenta en sus cálculos la contaminación atmosférica, los costes de sistemas de seguridad, la producción de vehículos, las ambulancias...PERO no refleja la salud de nuestros hijos, la calidad de nuestra educación...no mide la belleza de nuestra poesía ni la integridad de nuestros representantes, no toma en consideración nuestro valor, sabiduría o cultura..en una palabra: el PIB lo mide todo excepto lo que hace que valga la pena vivir: la vida”

Una crítica mordaz a usar el PIB y su crecimiento como medida del grado de felicidad que puede tener un país.

2-ABANCA Y LA DIPUTACIÓN DE OURENSE

En este mismo escenario: firma pública del convenio PLAN ACTIVAMOS TRANSFORMA OURENSE. Más de 100 millones de euros para familias, pemes e entidades locais.

- TARXETA CHEGOU- BEBÉ ABANCA.
- PAGO SMART DE TRIBUTOS LOCAIS.
- COLABORACIÓN “IN TEMPORE SUEBORUM”

- INICIO CAIXA OURENSE-FUNDACIÓN NA DEPUTACIÓN. OBRA SOCIAL
- ENTREVISTA ESCOTET EN DIPUTACIÓN 28/11/2016

3-PLANIFICACIÓN. VISIÓN Y PLAN DE MANDATO.

OURENSE 15-19.

DÉBEDA CERO EN MAIO 2019

APROBACIÓN ORZAMENTOS EN SETEMBRO

GOBIERNO PROVINCIAL MÁIS TRANSPARENTE DE ESPAÑA

GOBERNO PROVINCIAL LÍDER EN COMUNICACIÓN POLÍTICA EN REDES SOCIAIS.

TRABALLO EN REDE: XUNTA DE GOBERNO FEMP, PARTENALIA, EHTTA...

4-ECONOMÍA, DINAMIZACIÓN, TECNOLOXÍA, INNOVACIÓN

- INORDE
- ABANCA
- MISIONES EMPRESARIALES USA
- CEO/CÍRCULO DE EMPRESARIOS DE GALICIA

Hoxe facemos realidade unha das principais iniciativas do meu mandato ; Un proxecto no que vimos traballando activamente dende 2015 para hoxe dar o colofón coa posta en funcionamento do Centro Abanca Innova Ourense, Provincia Intelixente e como non podía ser doutra maneira, da man de Abanca e Afundación.

É por iso que antes de nada, gustaríame agradecer a Juan Carlos Escotet o seu compromiso con Ourense e o seu esforzo no logro deste obxectivo común, que non é outro que converter á nosa Provincia nun referente nacional e internacional nos eidos da innovación e o desenvolvemento tecnolóxico. Estamos ante unha aposta polo territorio.

5-OURENSE INNOVADOR, OURENSE CULTURAL...CTE

Benvidos a este centro cultural “Marcos Valcárcel”, Ourense capital na importancia de Galicia. Este noso mes de xullo, celebrado onte o Día de Galicia. Ourense berce da cultura e do pensamento político galeguista, o Ourense de Otero Pedrayo, Vicente Risco, Florentino López Cuevillas, Losada Diéguez, Celso Emilio Ferreiro , Curros Enríquez , Blanco Amor...Ourensanía.

Porque Ourense, historicamente, é terra de innovación e xentes con espírito emprendedor, apelidos, algúns presentes na sala, como Barreiros, Pérez Rumbao, Franqueira, Outeiriño..

OURENSE TRABALLADOR, CREATIVO I EMIGRANTE

6- O PROXECTO PROVINCIA INTELIXENTE. OURENSE TERRITORIO SMART.

Solucións administrativas e cidadáns.

Traballo en rede. Fusión de servizos municipais. Busca da excelencia.

En 2016 asinamos neste mesmo espazo, con Vodafone e IBM, un acordo para impulsar a creación dun centro tecnolóxico para a innovación. Velaí a andaina que da hoxe o paso máis contundente.

FEMP, PARTENALIA, CURITIBA, SOUTH SUMMIT

7-O SMART BUILDING DE CAIXA OURENSE. O EDIFICIO. A CONCRECIÓN. A REALIDADE TECNOLÓXICA.

8-ECOSISTEMA DE ATRACCIÓN E XERACIÓN DE NOVOS NEGOCIOS TECNOLÓXICOS

A nosa provincia conta cun gran número de potencialidades que a deben converter nunha zona de atracción e xeración de novos negocios tecnolóxicos, só era preciso crear o ecosistema para logralo.

Neste sentido, o sector das empresas de base tecnolóxica terá un importante protagonismo, e coa colaboración de Abanca e Afundación con iniciativas como as que impulsan dende IESIDE- o Instituto de Educación Superior Intercontinental da Empresa- ou dende o “Programa de aceleración ABANCA Innova by Conector”, aproveitaremos o horizonte 2020 e a chegada do AVE para captar e apoiar a xeradores de ideas e proxectos para que Ourense sexa un referente tecnolóxico. Unha liña na que aportamos tamén a nosa alianza coa Escola de Organización Industrial do Ministerio de Industria.

Esta primeira captación xa é realidade por medio de VIEWNEXT do grupo IBM. A cal da un paso o fronte neste proxecto incorporando 200 traballadores o CENTRO Abanca Ourense Provincia Intelixente.

O sector mais importante desta época na que estamos a vivir é o talento. Este vaia a ser o que faga que os territorios manifesten o seu liderazgo e sexan quen de xerar riqueza e benestar sen perder a súa esencia

A Provincia Intelixente xunta todos estes ingredientes. Vamos a promover un polo de actividade en I+D+i coa participación de actores nacionais e internacionais para proxectar iniciativas empresariais coa lóxica creación de emprego, para así lograr asentarse e captar poboación nunha provincia aínda por descubrir.

Queremos converter a Ourense nunha "provincia habitable", na que as distancias se reduzan e na que aumente o número de residentes. Somos o concello de concellos e aspiramos a inverter a tendencia histórica das últimas décadas.

Sen dúbida algunha, ante esta realidade social, a Cooperación interinstitucional debe ser o “motor” da nosa labor técnica e institucional, é hora de actuar, de asumir o cambio que nos piden os veciño@s.

As administracións públicas teñen que ser máis centros de liderazgo e menos centros de poder. Non estamos só para as institucións, estamos para as persoas e para o territorio . En definitiva estamos para facer a vida mais fácil á veciñanza.

Esta é unha ocasión histórica para integrar o talento dos emprendedores e envorcar todo ese potencial en rendibilidade tecnolóxica, social e económica para a nosa provincia. De todos nós depende aproveitar a oportunidade, porque estamos no momento e no lugar indicado. Este centro aparece como a plataforma ideal.

Por iso invito a todas as empresas de base tecnolóxica a formar parte da Provincia Intelixente, a provincia que por medio da innovación tecnolóxica aspira a mellorar a xestión administrativa de trámites e recursos en favor dun mellor servizo aos veciños e veciñas. Ou o que é o mesmo, aplicar os últimos avances das tecnoloxías da información e as comunicacións en favor dos ourensáns e das ourensanas, para que vivan onde vivan, teñan as mesmas OPORTUNIDADES TECNOLÓXICAS.

Visión, planificación, previsibilidade e eficiencia son termos que definen a excelencia na xestión, algo que dende a Deputación de Ourense debemos perseguir e lograr sen conformarnos, pois o resultado é o benestar dos habitantes que elixen a provincia de Ourense para levar a cabo o seu plan de vida.

Finalmente, gustaríame agradecer a vosa presenza neste evento que marca un antes e un despois para a provincia de Ourense: personalidades, axentes sociais e económicos, representantes das empresas punteiras da provincia de Ourense a todos vos, grazas por crer en Ourense. Crer en Ourense e crear en Ourense.

Moitas grazas por asistiren e ser parte deste momento histórico.

Viva Ourense!